

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A COORDINADORA EN DEFENSA DA BICI PARA A PARTICIPACIÓN NO XXI CONGRESO IBÉRICO DA BICICLETA E A CIDADE

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de mobilidade sostible e infraestruturas de transporte.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos da Xunta de Galicia fomentar a mobilidade sostible e o uso de medios de transporte alternativos para minimizar os impactos ambientais e sociais do transporte motorizado.

Antecedentes: A Xunta de Galicia desenvolveu unha estratexia de mobilidade sostible que inclúe accións para o fomento da bicicleta como medio de transporte. Dentro deste marco, o Congreso Ibérico da Bicicleta e a Cidade, que se celebrará en Santiago de Compostela do 26 ao 29 de xuño de 2025, preséntase como unha iniciativa clave.

A Coordinadora en Defensa da Bici (ConBici) traballa a nivel estatal na promoción da bicicleta como medio de transporte habitual e sostible, fomentando o cicloturismo e defendendo os dereitos das persoas usuarias. Esta colaboración refórzase a través das estratexias de mobilidade alternativa de Galicia e os obxectivos de sustentabilidade da Unión Europea.

Finalidade: Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar con ConBici o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2025.

O convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e ConBici para a organización do XXI Congreso Ibérico da Bicicleta e a Cidade. Este evento interdisciplinar abordará temas como:

Mobilidade urbana e ciclista.

Lexislación e gobernanza sobre o uso da bicicleta.

Promoción e formación no uso da bicicleta.

Desenvolvemento do cicloturismo e infraestruturas asociadas.





Beneficios para a saúde, o medio ambiente e a equidade social.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte: Os convenios entre administracións públicas e entidades sociais constitúen un mecanismo adecuado para desenvolver a cooperación en materias de interese común, tal e como establece o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Aplicación orzamentaria e importe: A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes achegará 15.000 euros (IVE incluído) para financiar os gastos asociados á organización do congreso no exercicio económico de 2025. Esta achega realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 05.08.512A.640.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Mobilidade

Judit Fontela Baró

